

PLAN DE CONTINXENCIA
2021-22
IES LELIADOURA



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO.	3
ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	5
MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.	6
Fase 1: ADECUACIÓN DOS ESPAZOS	6
Fase 2 FORMACIÓN DE PEQUENOS GRUPOS	6
Fase 3 REFORZO DAS MEDIDAS APRENDIDAS EN PEQUENOS GRUPOS	7
Fase 4 FASE DE REACTIVACIÓN	7

INTRODUCCIÓN

Segundo o disposto na Resolución do 10 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación profesional o Plan de Continxencia do centro educativo IES LELIADOURA ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO.

1. Non asistirán ao centro alumnado, docentes ou profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID- 19, así como aquelas persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
2. Diante dun suposto no que se sospeita que unha persoa comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo (tanto alumnado, profesorado ou persoal non docente) seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:
 - Levarase a un espazo separado de uso individual: no noso centro o local establecido para este fin é a sala de titoría.
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica sobre a que leve nese momento, tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado, se fose posible á persoa acompañante colocaráselle unha máscara FFP2, no seu defecto unha cirúrxica e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
 - A persoa responsable ou a persoa titora deberá chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
 - O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
3. De confirmarse o positivo o Equipo COVID do centro educativo comunicarao ao Equipo COVID-escola do centro de saúde de referencia.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal non docente do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as

afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta na Central de Seguímentos de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.

5. A familia dun alumno ou alumna con sospeita de contaxio ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade, deberán chamar e solicitar unha consulta telefónica co médico de atención primaria para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica; ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade, de conformidade co previsto na “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, e co “Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2” publicada por Orde da Consellería de Sanidade no D.O.G. do 20 de agosto de 2020.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena polo número de días que fixen as autoridades sanitarias a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial, por causas derivadas do COVID, suporá a aplicación das normas previstas no presente plan relativas ao ensino a distancia. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno á actividade educativa ordinaria presencial. O grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e comunicarao ao centro.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo, con apoio de videoconferencia, utilizando as ferramentas da Consellería de Educación, cando sexa necesario. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. O horario de clases non presenciais, individuais ou en grupo, seguirá o horario establecido para as actividades lectivas, se ben a duracións das sesións será de 30 minutos en lugar de 50. A hora de comezo será a mesma que no horario presencial, pero adiantarase o remate da sesión para facilitar a conexión ás seguintes clases, conforme ao disposto no punto 4.1 da Resolución do 10 de setembro.
3. O control de asistencia ás clases non presenciais farase polas canles habituais.
4. Ao remate da semana o profesorado remitirá a xefatura de estudos un informe que recolla as actividades e tarefas feitas no ensino non presencial.
5. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
6. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
7. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Vía telefónica, con número oculto se emprega o teléfono persoal, con Abalar Móbil ou vía Cisco Webex. Empregaranse soamente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.
 - Se fora necesario, actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través do persoal de limpeza do centro.

- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

1. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas Consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

Fase 1: ADECUACIÓN DOS ESPAZOS

1. Duración: 1 semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID-19 do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.
2. Obxectivos:
 - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
 - Distribución dos pupitres mantendo unha distancia de 1,2 metros entre eles.
 - Redefinición dos circuítos de circulación interna.

Fase 2 FORMACIÓN DE PEQUENOS GRUPOS

1. Duración: 1 semana. Formaranse pequenos grupos sendo a porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea dun 50% coa finalidade de que o alumnado adquira medidas de hixiene e distanciamento físico.
2. Obxectivos:
 - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
 - Defínense uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
 - Utilización de espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
 - Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
 - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-Cov-2.

Fase 3 REFORZO DAS MEDIDAS APRENDIDAS EN PEQUENOS GRUPOS

1. Duración: 1 semana. Formaranse grupos máis amplos sendo a porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea dun 75% coa finalidade de que o alumnado continúe formándose en medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.
2. Obxectivos:
 - Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
 - Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

Fase 4 FASE DE REACTIVACIÓN

1. Duración: 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%. Nesta fase xa todo o alumnado debe coñecer as medidas necesarias no período de pandemia.
2. Obxectivos:
 - Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
 - Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.
 - O recreo e o xantar, de ser preciso, realizarase en máis quendas ou en zonas diferenciadas.

Salientar a responsabilidade de todas as persoas a nivel individual que forman a Comunidade Educativa de contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19. Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Consellería de Educación, Xefatura Territorial sanitaria e o centro) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden.